

EXPTE: 2020/E001/000001

ASUNTO: FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO PARA REALIZAR NOMEAMENTOS INTERINOS OU CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL PARA O POSTO DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A DO CONCELLO DE DODRO.

TRÁMITE: RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DE ACTUALIZACIÓN DE BOLSA DE TRABALLO (II)

A Resolución da Alcaldía núm. 97/2021 de 21/06/2021 resolveu, entre outros:
“Ratificar a proposta efectuada polo Tribunal Cualificador, e aprobar a seguinte lista para a formación da bolsa de traballo para nomeamentos interinos ou contratacións laborais temporais para o posto de auxiliar administrativo/a do Concello de Dodro, regulada polas Bases Reguladoras que foron aprobadas por Resolución de alcaldía núm. 347/2020 de data 14/12/2020 (Expte 2020/G003/000365) e publicadas na páxina web do Concello de Dodro (www.dodro.gal), no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro e publicado o anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm.219 do 22/12/2020”

A base número 12 das que regulan o proceso selectivo establece no seu apartado 4 que:

- “ 1. Os integrantes da bolsa de traballo nomeados non perderán a orde de prelación que en cada momento lles corresponda, de tal maneira que si o nomeamento para o que son chamados finaliza, retornarán ao posto que novamente lles corresponda na lista.
2. Os integrantes da bolsa de traballo que, sendo convocados para facer efectiva a contratación ou nomeamento, renunciaran a esta por causa xustificada, considerando causas xustificadas o estar traballando no momento do chamamento ou o atoparse en situación de incapacidade laboral temporal, non perderán a orde que lles corresponda na Bolsa de traballo, sempre e cando presenten documentación xustificativa xunto con solicitude de continuar formando parte da Bolsa, no rexistro xeral do Concello, no prazo de 5 días naturais dende o chamamento.
3. Os integrantes da bolsa de traballo que, sendo convocados para facer efectiva a contratación ou nomeamento, non se presentaran ou renunciaran a esta, perderán os seus dereitos quedando excluídos da lista por un ano, debendo solicitar de novo a súa inscrición unha vez transcorrido dito prazo.
4. Os integrantes da bolsa de traballo que renunciem á continuidade no desempeño dun posto de traballo perderán os seus dereitos quedando excluídos da lista por un ano, debendo solicitar de novo a súa inscrición unha vez transcorrido dito prazo”

Efectuados chamamentos as persoas integrantes da bolsa de traballo, e tendo en conta o establecido nas bases reguladoras das que rexen o proceso selectivo, que se reproduce no parágrafo anterior, así como a solicitude presentada na Sede electrónica do Concello de Dodro con número de rexistro 202499900000911 de data 08/11/2024, na que María González Martínez solicita: “A exclusión da bolsa de substitucións de auxiliar administrativo, e de aquelas outras nas que me atope incluída”, procede actualizar a bolsa de traballo para nomeamentos interinos ou contratacións laborais temporais para o posto de auxiliar administrativo/a do Concello de Dodro.

Considerando que o artigo 21.1h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, atribúe a Alcaldía-Presidencia a xefatura superior de todo o persoal ao servizo da administración local, competencia que inclúe o seu nomeamento e contratación, e ao abeiro do previsto nas Bases aprobadas por Resolución da Alcaldía número 23/2022 de 27 de xaneiro de 2022,

RESOLVO:

Primeiro.- Actualizar a bolsa de traballo para nomeamentos interinos ou contratacións laborais temporais para o posto de auxiliar administrativo/a do Concello de Dodro, cuxa orde de prelación queda establecida do seguinte xeito:

Nº de Orde	DNI	Nome e apelidos
1	***3245**	Beatriz González Vecín
2	***8086**	Digna González Laíño
3	***5244**	Elvira Pinal Moreira
4	***1593**	Marta María Pazos Cutrín
5	***5112**	Noelia María Lema Amado
6	***5517**	María Ángeles Quintáns Muñiz
7	***2234**	Janeth Allo Pérez
8	***8675**	Jesús Manuel Pintos Capeáns
9	***5918**	Sonia María Varela Crujeiras
10	***6269**	Laura García Rivas
11	***4621**	Carla Otero Sónora
12	***2784**	Cecilia Martínez Saavedra
13	***9982**	Isabel Queiruga Figueiro
14	***4996**	Noelia Ferreiro Marzoa
15	***3344**	María Carmen Gómez Varela
16	***3449**	Inés Vila Castro
17	***6172**	Sara Núñez Navarro
18	***8548**	Andrea Blanco Figueira
19	***0324**	Sara Carou Figueira
20	***7516**	Lia Arantza Martearena González

Segundo.- Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro .

Terceiro.- Dar conta ao Pleno, de acordo co disposto no artigo 42 do ROFREL.

Dodro, documento asinado dixitalmente



Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís
A secretaria-interventora, que da fe